

LUGOCULTURAL

GRUPO FOTOGRAFICO

novembro * 2022



GRUPO FOTOGRAFICO

A partir do 18 de novembro, os venres de 17:00 a 20:00 h.

Dirixe: **Adra Pallón**

Lugar: **Escola de Formación de Profesorado.**

Info en cultura.lugo@usc.es

CONTIDO

Contar historias.
Linguaxe fotográfica como medio de expresión.
Creación de proxectos fotográficos.

OBXECTIVOS

O curso ten como obxectivo central transmitir os coñecementos precisos para que o alumnado sexa quen de expresarse ao través da linguaxe fotográfica cunha voz propia. Para iso presentaremos ferramentas e metodoloxías de traballo que van dende a pre-produción ata a materialización da fotografía no formato adecuado. Para conseguir iso, analizaranse e estudaranse os seguintes puntos, dun xeito personalizado:

- * Metodoloxía de traballo
- * Edición e pos-produción fotográfica
- * Manexo de softwares relacionados coa edición, pos-produción e xestión da obra fotográfica
- * Referentes: Análise de traballos fotográficos de recoñecido prestixio. Estes servirannos como referencia e punto de partida á hora de atopar a nosa propia linguaxe fotográfica persoal.
- * Narrativas visuais
- * Análise individualizado do traballo persoal do alumnado
- * Creación dun proxecto fotográfico propio

A QUEN ESTA DIRIXIDO?

A todas aquelas persoas que teñan uns coñecementos mínimos sobre o manexo da cámara fotográfica e queiran amplialos e aprender a expresarse a través da fotografía, atopando unha metodoloxía e unha linguaxe propia para facelo.

ENFOQUE DO CURSO

Terá un peso importante a práctica e a exemplificación dos conceptos teóricos a tratar a través de traballos fotográficos de autores de recoñecido prestixio mundial e dos traballos fotográficos realizados polo propio docente do curso.